



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## PREGO DE CONDICIÓNS PARA O ALLEAMENTO DUN CAMIÓN CONTRA INCENDIOS

1º **OBXECTO:** constitúe o obxecto do contrato a venda mediante poxa do seguinte ben que se dará de baixa no inventario de bens municipais

**Lote Único: Camión contra incendios .**

Marca: PEGASO. Tipo: D95TEGX

Matricula: C-6531-BM

Data matriculación: 29/11/1995

Accesorios: Equipado con cisterna capacidade 4000 litros.

Prezo: 600,00 euros

2º **PARTICIPANTES:** Poderán participar tódalas persoas que teñan capacidade para contratar e, en particular, para realizar o contrato de compravenda segundo as normas contidas no código civil.

Todo ofertante deberá acreditar a súa personalidade mediante o seu DNI. Se interviñese en nome dunha terceira persoa deberá acreditarse a representación da mesma, mediante poder suficiente e, se fose outorgado con carácter xeral por unha persoa xurídica deberá estar inscrito no rexistro correspondente.

Así mesmo, os que comparezan en nome de outro deberán achegar dilixencia de bastanteo do seu poder.

3º **ADXUDICACION:** O ben será adxudicado ó licitador que oferte o prezo mais alto.

4º **DOCUMENTACION:**

Os licitadores deberán presentar, en horario de 9 a 14.30 de luns a venres no rexistro do Concello de Boqueixón dous sobres pechados:

**1º- Sobre A: DOCUMENTACION ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE DO OFERTANTE**

Documento Nacional de Identidade.

Poder, si se actúa en nome doutra persoa.

Escritura constitución da sociedade inscrita no rexistro correspondente.

**2º- O sobre B:** conterá a **OFERTA ECONOMICA**, que se axustará ao modelo do anexo.

5º **PRAZO ENTREGA DOCUMENTACION:**

O prazo de entrega da documentación será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte a data de publicación do anuncio no BOP e no perfil do contratante. En caso de resultar sábado ou festivo o día que remata o prazo quedará prorrogado ó día hábil seguinte.

#### 6º/ ESTADO DOS BENS:

O ben véndese no seu estado actual de conservación que se poderá comprobar mediante visita. A visita poderase realizar na **Base de Protección Civil**, situada no Forte, Boqueixón previa concertación de cita no teléfono 981513061 e poderá ser asistido dun técnico que poderá examinar o vehículo. Así mesmo, poñerase a disposición a documentación do vehículo. Unha vez adxudicado o ben non se admitirán reclamacións sobre o seu estado ou erros na súa descrición.

O adxudicatario, polo feito de participar na poxa, acepta as condicións que se establecen neste prego e formalizarase contrato de compravenda unha vez efectuado o pago do prezo. Os gastos derivados da venda serán por conta do adxudicatario.

#### 7º/ REXIME XURIDICO:

No non previsto nas presentes cláusulas, rexerán as normas da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora dos bens de réxime local e da Lei de contratos do sector público.

## ANEXO

### MODELO OFERTA ECONÓMICA

Don/a ----- con DNI-----  
con domicilio en ----- en nome propio (ou en  
representación de -----) teléfono -----  
e-mail-----, enterado da poxa anunciada no  
BOP N° ----- con data ----- e no perfil do contratante, así como do prego de  
condicións que coñezo e acepto integramente, **OFERTO** o prezo de -----€  
pola adquisición do camión contra incendios.

Boqueixón, ----- de -----do 2018